

## MANIFESTO GALEGO DO DIA MUNDIAL DO TEATRO 2023

Celebramos unha nova volta ao Sol do Teatro Galego. E aquí estamos, con todos e cada un dos días sobrevividos prendidos no corpo...

Que sorte.

Deixamos atrás os rastros das nosas creacións, pensando xa nas que están por vir, á espreita de calquera idea acubillada na anécdota... Calquera persoa, en calquera parte, pode ser ese detonante que buscamos, esa historia que finalmente narraremos. Ou, quizais, prefiramos indagar no extenso legado de historias xa escritas que constitúen o noso patrimonio e que agardan, pacientes, a seren encarnadas e revividas. Ou, quizais, decidamos non contar ningunha historia, senón ofrecer unha reflexión, ou a relación dun corpo co espazo, coa luz, co son. Simplemente. Parece tan fácil... O Teatro permite tantos códigos como artistas acolle, só ten unha condición: Alguén expresa e alguén recibe.

Ver para crer. Crer para crear.

Contemplan a perpetua convulsión da Humanidade, e convulsionan con ela. Apañar sen descanso cada desexo, cada necesidade, cada transformación. Poñer terra por medio, terra inzada de semente que nos axude a superar a intranscendencia e defender un escenario da axitación. Tanto ten a historia que queiramos contar, tanto dá como escollamos contala, tanto dan as estéticas e as teorías escénicas, ningunha é máis verdadeira ca outra. Son opcións. Propostas. Intentos. Xa.

O Teatro debe habitar no límite do precipicio e aceptar o risco dun clamoroso fracaso que, non obstante, mereza sempre a oportunidade de volver fracasar. Sigamos buscando, expoñéndonos e opoñéndonos, abrazando e reclamando. Fagamos algo... E o contrario.

Sabemos que a nosa miseria non é diferente da miseria común, ofrezámola, pois, sen pudor, coa consciencia desesperada de que cada función puidera ser a derradeira. Sen agochar que en cada segundo creado para un escenario, en cada acción, en cada palabra, en cada pausa, en cada silencio, está o presente que vivimos, e facemos parte dese presente no que nos fascina, pero tamén no que nos repugna. Sexamos a voz do inaudible. Sexamos o corpo do que desaparece. Sexamos o reflexo do que se transforma. Sexamos a acción do inamovible. Acompañemos este noso mundo no seu drama e na súa comedia... Continuemos inaccesibles ao desalento.

Fagamos sitio.

Este quere ser o Manifesto do agradecemento, da xenerosidade, da consciencia, da revisión. O Manifesto do desapercibido, do contraditorio, diso que é pequeno e anecdótico, diso que é humilde e sorprendentemente amador. O Manifesto dun Teatro libre, presente, aberto.

Un Teatro que acolle e que se esforza, que comprende e que compadece, que baila, que anima o inanimado, que conmove e que nunca deixa de aprender. Un Teatro que proclama, que describe, que incomoda ou que se fai querer. Un Teatro que inclúe a diferenza, que evidencia a inxustiza e que acariña a nosa humanidade. Un Teatro que sinala, que se atreve, que contravén as tendencias do mercado porque se empeña en non ser produto.

Un Teatro, por fin, que fai o que sempre fixo: Acompañar, cuestionar, revelar, padecer...

Un Teatro do Ser.

**Clara Gayo**

*Santiago de Compostela. Marzo de 2023*